

# OS "RUBIOS" GALEGOS

CONSTANTINO GARCÍA

Universidad de Santiago

O adxectivo latino *rūbeus* “vermello” deixou descendentes nas principais linguas romances: rumano *roib*, antigo italiano *robbio*, francés *rouge*, provenzal *roi*, catalán *roig*, castelán *rubio* e portugués *ruivo* (Meyer-Lubke, R.E. W. 3, nº 7408).

A consoante B seguida da semivocal I (o mesmo que no caso de V máis iode) segue un proceso de palatalización nalgunhas linguas, segundo vemos polos exemplos citados por M. Lubke, e mesmo nalgunhas zonas peninsulares existen as formas *royo* e *ruyo* non recollidas polo grande romanista *xermano*, pero no castelán, galego e portugués non se produciu palatalización ningunha. B confúndese con V e nas linguas sen pronunciación labiodental manteñense hoxe nas palabras en xeral as grafías B ou V de acordo co étimo latino.

Seguindo unha evolución fonética normal *rubeum* pasou en galego a *robio* (con peche de *u* breve en *o* cerrada) e posteriormente a *roibo*, do mesmo xeito que *pluviam* deu *choiva*, *gubiam* deu *goiba* e *diluvium* deu *dioivo*. Outros casos similares son *novium*, *caveam* e *rabeam* que deron *noivo*, *gaiva* e *raiba*, nas que se produce a mesma metátese da semivocal I.

A voz evolucionada normalmente *roibo* está actualmente pouco representada na fala popular, agás nunha ampla zona das Rías Baixas, dalgúns lugares do interior da provincia de Pontevedra e do Norte da Comña. Pero nesa fala popular consérvase tamén o sentido primitivo de cor vermella que tiña en latín. Dunha persoa que ten a tez encarnada *dise* que é *roiba* e tamén se fala de *vacas* ou *galiñas roibas* cando estes animais teñen a pel bastante avermeiada. Do mesmo xeito *dise* que os ovos que teñen a casca moi escura, tirando a vermella, son *roibos*.

Vese claramente a conservación desta significación nos sintagmas *ceo roibo* e *nubes roibas* que empregan os falantes cando se refieren ó ceo crepuscular e ás súas nubes que se tornan encarnadas cande *sae* ou se pon o sol. E de *roibo* mailo sufixo *-an*, procedente de -ANA, sae a voz *roibán* (testemuñada na comarca de Compostela e en Moraña, Pontevedra) que nalgúns outros puntos espallados pola metade occidental de Galicia aparece como *roibén* e tamén en Ares e Cervás (N.O. da provincia da Comña) con outro sufixo aparece *roibez* e *roibeza*.

Sen embargo xa no segundo diccionario galego-castelán publicado en 1873, o de Cuveiro, aparece *roibo* coa significación castelá de “rubio” e como *ocorre* en tantos casos similares ese

significado pasou ós dicionarios posteriores sen que os autores se decataran de que a voz castelán *rubio* corresponde en galego a voz *roxo*. Probablemente a confusión dos dictionaristas procede de que tamén os falantes empregan *roibo* para adxectiva-los **cabelos** que teñen unha cor avermellada, pero **estes** distinguen moi ben o *cabelo roxo* (*pelo rubio* en castelán) do *cabelo roibo* (*pelo rojizo* en castelán). Así non resulta extraño que nalgúns dicionarios aparezan como sinónimos de *roibo* os adxectivos *loiro* e *louro* e que algúns escritores empreguen erradamente esta voz: *cabelos roibos, roibas praias...* etc.

Curiosamente nos dicionarios galegos están perfectamente traducidos ó castelán os *roibéns* que Valladares (1884) recolle por primeira vez: "arboles o color rojo vivo de las nubes heridas por el sol". Nalgúns dicionarios aparecen a variante *roibán*, pero non *roibezae roibez*. A voz *roibén* é considerada polos dictionaristas como voz principal a pesar de ser minoritaria en Galicia en canto á súa extensión, xa que existen outros derivados de *rubeus* con esta mesma significación que teñen un maior uso e que veremos máis adiante.

Do adxectivo *roibo* xurdiu na fala da parte N.O. da provincia da Coruña o verbo *roibear* "tornar roibo": *o sol roibea as nubes*. Non aparece esta forma nos dicionarios, pero nalgúns están recollidos os verbos *arroibar* e *enroibare* o adxectivo *roibal* coa significación de "tirante a roibo".

.....

O ditongo **OI** de *roibo*, de *choiva* (e de palabras como *loito, froita, troita, enxoiito*, etc.) non pasou en galego en xeral a **UI** como a fixo o portugués. Nesta linguaroibo pasou *aruivo*, do mesmo xeito que *choiva, loito, froita, troita, enxoiito* pasaron a *chuiva, luita*, etc., e logo reduciron o ditongo **UI** a **U**: *chuva, luta*, etc. Nalgúns lugares de Galicia **deuse** o paso de **OI** a **UI** (Véxase A. Zamora Vicente, *Estudios de dialectología hispánica*, Anexo 25 de *Verba*, 1986, págs. 35-44 e F. Fernández Rei, "Bloques e áreas lingüísticas no galego moderno", *Grial* 77, 1982, págs. 257-298), nalgúnhas palabras, pero nunca nos casos de *roibo* e *choiva*.

O portugués *ruivo* sofre o mesmo proceso de cambio **semántico** có castelán *rubio*. No sentido de **vermello escuro** pasou ó de **vermello** claro, **vermello** amarelado ou **amarelo** avermeiado e louro. Posiblemente os dictionaristas galegos deixáronse influir polas obras lexicográficas portuguesas e esta influencia levou a moitos incluso a **introduci-la voz ruivo** nas súas obras como variante de *roibo* e, por tanto, escrita á galega con **B**: *ruibo*.

*Ruibo*, como dicíamos **máis** arriba, non existe como palabra normal na fala e polo tanto podemos considerala como unha fantasma léxica dalgúns dicionarios. E o **mesmo** podemos afirmar dos adxectivos *ruibal* e *ruibacento*. Naturalmente todas estas formas veñen definidas de **acordo** coa realidade lingüística portuguesa e non coa galega.

.....

A consoante **B** (e tamén **V**) seguida de iode ten en galego (ó igual que noutras linguas romances) outra solución distinta **da** que falamos anteriormente: a conservación da consoante e do iode sen que o **I** pase á sílaba anterior. Así temos que hoxe conviven en Galicia ó lado de *gaiva, raiba, noivo, goiba, choiva* e *roibo* as formas máis semellantes ó **étimo** latino *gavia, rabia, novia, gubia, chuvia* e *rubio*, nas que nas tres Últimas formas citadas vemos como o iode fai que o **O** cerrado se peche en **U**.

As palabras *gubia, chuvia* e *rubio* teñen actualmente un uso máis **xeneralizado** O s súas voces correspondentes con metátese do **I**. *Rubio* é pois forma normal na súa evolución

fonética e atopámola en todo o ámbito do galego, mesmo nos lugares citados onde rexistrabamos **roibo**.

**Rubio** ten pois o valor de **roibo**, é dicir, "dacor do sangue, vermello, encarnado". **Unha persoa rubia** é aquela que ten a tez avermellada ou encarnada; **unha vaca rubia** é a que ten a pel de cor avermellada, moito máis tirando a encarnada cá **vaca roxa** e naturalmente cá **vaca marela**; **unha galiña rubia** é tamén máis avermellada cá **unha galiña roxa** e un **ovo rubio** é o mesmo co citado **ovo roibo**. E ademais podemos dicir que certas variedades de mazás, de cereixas e doutras froitas son **rubias** porque son case da cor do sangue.

Pero curiosamente esta voz **rubio** non aparece nin citada na maior parte dos dicionarios galegos porque debeu parecerlles ós lexicógrafos que se trataba dunha voz castelá. Se traduciron equivocadamente ó castelán **roibo** como "rubio", é lóxico pensar que a voz moito máis estendida e moito máis popular, **rubio**, fose considerada como castelanismo. E moitos escritores evitaron o uso desta voz ben por descoñecemento da **fala** real ou ben por fuxir de palabras semellantes ó castelán, é dicir, por puro diferencialismo.

Naturalmente temos recollido os sintagmas de **ceo rubio** e **nubes rubias** para indica-loceo e as **súas** nubes tinxidas de vermello polo sol nas horas crepusculares. Un refrán que recollemos en Gres (Pontevedra) di así: **se o sol se pon co ceo rubio, mañán bo día. E rubio** aparece substantivado como "arbol" en vanos lugares de todo o ámbito do galego: **rubio hacia Asturias, ventos e chuvias; rubio á cena, bo tempo espera; cando queda o rubio do lado do mar, poñe-las vellas a asollar**. Nalgúns lugares da provincia da Coruña e moitos das de Pontevedra e Ourense atopamos esta forma como **feminina, rubia**, e moito máis abundantemente en plural, **rubias: cando hai rubia, ó outro día bo día; rubias cara ó mar, meniñas a asoallar; rubias á noite, sol á mañá**.

E destas formas **rubio, rubia** ou **rubias** xurden bastantes voces con diferentes sufixos para indicar "arbol". Citemos en primeiro termo a existencia de **rubianas** en varios lugares do galego da provincia de León: **hai rubianas arriba, pastor á mantilla, hairubianas abaixo, bon día e bon solazo**. Un pouco máis ó norte, no galego de Asturias e tamén nalgún punto da provincia de Pontevedra, aparece a forma **rubián**. No galego oriental escoitamos dicir tamén **rubianza e rubiasca**.

Co sufixo **-al** atopamos un **rubiales** en Robledo de Domis (Ourense) e varios **rubiais** (forma típica de plural do galego oriental) en pobos da parte central da provincia de Lugo limítrofes con Asturias e León: **rubiais ó nacente, auga de repente** e varios **rubiás** na provincia de Ourense. Esta forma de **rubiás** (¿acaso pode se-lo plural de **rubián**?) foi recollida polo citado dicionario de Valladares como variante de **roibéns** do que cita os seguintes refráns: **rubiás ó sol nado, pigoreiro. andarás mollado, rubiás ó sol posto, pigoreiro, andarás enxoiro. Sen** embargo esta voz **só** foi admitida polo dicionario de Filgueira Valverde e outros colaboradores. E co sufixo **-eira** temos en Larouco (Ourense) e en Baralla (Lugo) a forma **rubieiras**.

Pero o derivado máis amplamente representado en todo o ámbito do galego é **rubién** que é voz **moi corrente** na zona do galego oriental das provincias de Lugo, Asturias e León e en diversos puntos das provincias de Pontevedra e Ourense. **Rubién** ten pois **unha** maior extensión que **roibén**, pero non foi tida en conta polos dicionarios ata **hai** pouco tempo, tal vez por esa xenreira dalgúns autores de dicionarios e de obras literarias contra as palabras que poidan lembra-las voces castelás.

O plural de **rubién** pode servir para amosa-las diversas variedades de formación do plural en galego. Nos puntos máis occidentais do galego esas nubes tinxidas de encarnado polo sol

son chamadas **rubíens**. Na provincia de Ourense e na maior parte da de Lugo **rubíes** (**rubíes ó naciente, auga de frente**), que ten nalgues a variante **rubieses**. E no galego onental das provincias de Lugo, Asturias e León **rubieis** (**rubieis ó naciente, auga de repente**).

Por outra parte temos que sinalar que a cor **rubia** "encarnado" **serviu** para denominar a toda unha serie de peixes que tiñan esta coloración. En diversas partes da costa galega é chamado **rubio** ó peixe máis coñecido como **escacho** e **rubiaca** e **rubioca** (derivados de **rubio**) o peixe máis coñecido como **xulia**.

Tamén existe a planta **rubia**, xa citada polos eruditos do século XVIII Sarmiento e Sobreira, que se corresponde coa planta chamada tamén en castelán **rubia**.

O verbo derivado de **rubio** é **arrubiar** (que aparece xa nos dicionarios modernos) coa significación de "tornar rubio": **está o ceo arrubiado**.

.....

Pero **rubio** ten ademais unha variante **rubo** na que se **perde** o I. Ese fenómeno fonético prodúcese noutras palabras como **vimbio**, **limpio**, **ripia**, **femia**, **tibio**, etc., que teñen as variantes **vimbo**, **limpo**, **ripa**, **fema**, **tibo**, etc. **Rubo** está testemuñado abundantemente polo extremo septentrional da provincia de Lugo e en diversos puntos aillados de todo o ámbito do galego.

**Rubo** ten o mesmo valor semántico de **rubio** e ten tamén o derivado **rubén** para a significación de "arbol". Como no caso de **rubién** comprobamos que o seu plural é **rubéns** nalgúns lugares da provincia de Pontevedra: **rubéns ó mar**, **vellas a asollar**, **rubéns ónacente**, **chuvia de repente**. Na parte máis onental desa provincia e na de Lugo temos **rubés** coa variante **rubeses**: **rubeses hacia Burón**, **sol a trompón**. E no galego oriental atoparnos algunha forma **rubeis**.

.....

En fin, a voz galega **rubio** coas súas variantes **roibo** e **rubo**, mantívose firme no seu significado orixinario de cor vermella ou encarnada fronte ó portugués **ruivo** e ó castelán **rubio** que "aclararon" a matiz desa cor ata facela case **amarela**. Os cultismos **rubefacción**, **rubente**, **rúbeo**, **rubicundo**, **rubro**, **rubor**, **ruborecer**, **rúbrica**, etc., sítense, nas tres linguas citadas, emparentadas coa cor do sangue, é dicir, coa cor **rubia** galega.